



MEMORIA DE ALCALDÍA

Explicativa do contido do Orzamento e das modificacións que presenta respecto do vixente.

O Alcalde Presidente que suscribe ten procedido a formar o orzamento xeral correspondente ao exercicio 2014, dispoñendome a expoñer os aspectos máis sustanciais do Orzamento que se pretende aprobar de acordo co disposto nos artigos 168.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Primeiro: O Orzamento Xeral está equilibrado en gastos e ingresos, sendo o seu importe de 13.083.155,91 euros, o que representa un incremento de 665.462,39 euros respecto do exercicio anterior prorrogado. O incremento ven motivado, esencialmente porque, tal e como se xustifica no Informe económico-financieiro do Orzamento, o volume de recursos habituais do orzamento experimentará un incremento, que se explica pola subida nas previsións de recadación dos impostos directos IBI urbana e Bices (derivado dos incrementos da base liquidable como consecuencia da ponencia de valores do BICES), e IAE .

Segundo: O contido de cada un dos Capítulos que integran o Estado de Gastos resúmese do seguinte modo:

Capítulo 1.- O seu importe ascende a 5.258.584,87 euros, o que supón o 40,20 % do total do Orzamento de Gastos. O reparto do mesmo detállase no Anexo de Persoal do Orzamento, destacando as seguintes cuestións: Dunha parte, polo que se refire ó persoal funcionario amortízase unha praza de policía que se atopaba vacante, logo de declarar a caducidade do proceso selectivo.

Recóllese tamén a consolidación de emprego temporal que se fixo durante o ano 2013 e 2014.

O proxecto de orzamentos que agora se presenta recollen as disposicións da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014 tanto no relativo ás contías de persoal funcionario como de persoal laboral no referente ó incremento da masa salarial.

Por outro lado, inclúense os créditos necesarios para recoller as retribucións ás dedicacións exclusivas a membros da corporación así como ao persoal eventual, según foron aprobadas no pleno do 14 de xullo de 2007.

En definitiva, os gastos de personal correspóndense coa valoración da plantilla de personal e as asignacións a percibir polos membros da corporación e personal eventual da mesma, según se detalla no Anexo de personal, que recolle as previsións legais contidas no Proxecto de Lei dos Orzamentos Xerais do Estado, Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e de persoal laboral e as modificacións da plantilla de personal.

Capítulo 2.- Ascende a 5.923.293,51 euros, o que en termos porcentuais supón o 45,27 % do orzamento. Este importe ven xustificado polas necesidades que implica o mantemento e desenvolvemento dos servizos, incluíndo nas estimacións a revisión á alza segundo o IPC do ano 2013 daqueles contratos nos



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

que está previsto.

Destacar que dentro dos créditos do presente capítulo, e tal e como se puxo de manifesto no informe económico financeiro, inclúense tanto os créditos necesarios para poder facer fronte ós gastos do presente exercicio como unha partida específica para recoller un gasto da SGAE da televisión por importe de 517,92 euros que quedou pendente do exercicio 2013.

Capítulo 3.- Cunha cantidade de 1.000,00 euros, destinada ó pago de comisións liquidados por entidades financeiras ou posibles intereses financeiros.

Capítulo 4.- Consígnanse 1.055.294,86 euros, que supoñen o 8,06 % do importe do Orzamento, para facer fronte ás axudas relativas a emerxencia social, así como ás subvencións para festas patronais, parroquiais; asociacións deportivas, culturais, sociais; as relativas ó ensino e outras. Tamén inclúe a cota anual a abonar á FEGAMP e á FEMP, a aportación ó financiamento dos grupos políticos. O desglose das subvencións nominativas a conceder prevese na Base 53 das de Execución do Orzamento, así como a forma de xustificación de acordo coa Lei Xeral de Subvencións.

Destacar que dentro dos créditos do presente capítulo, e tal e como se puxo de manifesto no informe económico financeiro, inclúense tanto os créditos necesarios para poder facer fronte ós gastos do presente exercicio como uns créditos específicos para recoller as cotas de EUROEUME dos anos 2012 e 2013, a de RETISPAIN do ano 2013, así como as das asociacións vecinais que quedaron pendentes do exercicio 2012.

Capítulo 6.- O seu importe é de 719.104,67 euros, o 5,50 % do Orzamento, consignando os créditos que irán destinados á realización dos investimentos que aparecen detallados no Anexo de Investimentos que se acompaña, e que recollen inversións que xa se teñen feitas con cargo ao orzamento corrente, o que motivou a correspondente modificación orzamentaria, diversas liquidacións de obras que se acabaron o ano pasado, así como investimentos a maiores previstos a realizar este ano. Non se inclúe a realización de investimentos que ao longo do ano se financian con recursos de outras administracións, por canto que ditos investimentos se tramitan vía xeracións de crédito.

Capítulo 7.- Consígnanse, asimesmo, 65.878 euros destinados á concesión de Transferencias de Capital para a realización de obras de asociacións vecinais, protección civil e outras, así como o crédito específico para as subvención das asociacións vecinais que quedaron pendentes do exercicio 2012.

Capítulo 8.- Consígnanse 60.000 euros que poderán ser dedicados á concesión de anticipos ó persoal do concello nos termos previstos “no acordo regulador de traballadores”.

Capítulo 9.- Non se inclúe cantidade algúnha xa que o préstamo vixente concedido polo Ministerio de Industria para o polígono tecnolóxico de Vilavella tiña cinco anos de carencia e non se iniciará a amortización ata o ano 2016.

Por todo o exposto, o Estado de gastos suma a cantidade de 13.083.155,91 euros mostrando unha cifra favorable hacia os gastos correntes fronte aos investimentos, que se ve modulado a favor dos investimentos



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

produto das inversións efectuadas durante o presente ano e que son financiadas por transferencias da Deputación ou da Comunidade Autónoma (POS, DTC 94, etc).

Terceiro: O contido dos distintos Capítulos de ingresos é o seguinte:

Capítulo 1.- Estímase en 8.721.000 euros. As bases utilizadas para a estimación destes ingresos proceden dos respectivos padróns fiscais, así como dos últimos Estados de Liquidación do Orzamento e as Ordenanzas Fiscais en vigor.

Capítulo 2.- Os impostos indirectos estimáronse en 30.000,00 euros. No caso do Imposto de Construcións faise a estimación do seu rendemento a partir do grado de execución do último exercicio, tendo en conta unha previsión prudente e realista.

Capítulo 3.- Consignáronse 1.476150,00 euros, representativos das estimacións procedentes das taxas e outros ingresos.

As previsións de ingresos destes tres capítulos realízanse de acordo cos criterios que se expoñen no informe económico-financeiro que se inclúe no Orzamento, e no informe do tesoureiro municipal.

Capítulo 4.- As Transferencias correntes a percibir prevense en 2.778.005,91 euros, cantidade na que se inclúen as previsións de ingresos procedentes da Participación nos Tributos do Estado, Fondo de Cooperación Local, Programa de Axuda e Dependentes e algunhas das subvencións destinadas a actividades sociais, culturais ou deportivas, cun estricto principio de prudencia, contemplándose unicamente aquelas que ou ben xa están comprometidas en exercicios anteriores, ou ben son subvencións que se conceden anualmente de xeito periódico e estable, e sobre as que non existen dúbidas razoables de que se vaian a seguir percibindo no vindeiro exercicio (Plan concertado para a prestación de servizos sociais da Xunta de Galicia,...), orzamentándose os seus importes en función dos concedidos no ano 2013.

Capítulo 5.- Recolle os ingresos previstos derivados dos distintos bens patrimoniais dos que é titular o Concello.

Capítulo 7.- Non existe no presente orzamento derivado de que as transferencias de capital foron recollidas nas diversas modificacións de crédito realizadas durante o exercicio, considerando os ingresos procedentes do Plan Provincial de Obras e Servizos, DTC 94, etc.

As Pontes de García Rodríguez, 18 de agosto de 2014

O Alcalde,

Valentín González Formoso